



## BANDO

### INFORMACIÓN SOBRE AS CELEBRACIÓN DAS TRADICIONAIS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO 2021

Polo presente infórmase das seguintes normas e condicións que deben cumprirse para a celebración das Fogueiras de San Xoán e San Pedro 2021:

1º- A realización de tales fogueiras deberá comunicarse empregando o modelo que se pode descargar na páxina web do Concello [www.neda.es](http://www.neda.es), ou obter nas oficinas municipais.

Dito documento, unha vez cumprimentado, presentárase por calquera dos seguintes medios:

- No rexistro telemático do Concello.
- Enviarse ao e-mail [correo@neda.gal](mailto:correo@neda.gal).
- Presencialmente nas oficinas da Casa do Concello, previa solicitude de cita que se pode concertar chamando ao teléfono nº. 981.380039, no correo electrónico antes indicado ou no enlace existente na páxina web do Concello.

A comunicación tamén poderá realizarse chamando ao teléfono nº. 981380039, en horario de oficina, facilitando o nome, apelidos e DNI da persoa comunicante, domicilio, localización na que se levará a cabo a fogueira e persoa responsable da mesma.

O prazo para efectuar a comunicación rematará ás 14:00 horas do día 22/06/2021.

2º.- **Quedan prohibidas todas as fogueiras en zonas de dominio público e lémbrese a obriga de cumprir en todo momento coa normativa covid-19 en vigor.**

3º.- Co obxecto de garantir a seguridade das persoas e bens, as fogueiras cumprirán os seguintes requisitos:

- O volume do material da fogueira non superará os 4 metros de diámetro nin os 3 metros de altura.
- A separación entre as fogueiras e os edificios, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados, será como mínimo de 10 metros.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, gomas, plásticos, aceites, etc., e en xeral calquera outra substancia que desprenda fumes tóxicos; así como botar ao lume materiais inflamables ou explosivos ou recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros.
- Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como nas zonas que nos arredores almacenen produtos inflamables.
- Ao remate da fogueira e, antes de abandonar o lugar desta, os/as responsables da organización coidarán que as cinzas queden totalmente apagadas.
- En tódolos casos os/as organizadores serán responsables dos danos que puideran ocasionar a terceiros.

Non son obxecto de regulación por este bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

O Alcalde,